

Música



Actividades

Estas son algunhas recomendacións para traballar a música e o son dende as nosas casas:

Dende que non imos ao colexio cambiaron moitas cousas e, entre elas, os sons que percibimos, pensaches niso!? Hai sons que deixamos de escoitar e outros novos que percibimos agora que estamos na casa. Reflexiona e toma nota escribindo nun caderno ou na axenda as respostas das seguintes cuestións: que sons escoitas polas mañás? Que canción foi a última que escoitaches? Que voz/voces escoitas a diario? Botas de menos algún son?

RITMO

Acompaña unha canción marcando o ritmo. Bótalle imaxinación! Calquera obxecto pode ser un instrumento.

AUDICIÓN

Escoita a canción favorita de alguén da túa familia. Seguro que te sorprenden os seus gustos musicais.

MOVEMENTO

Baila libremente! Podes facelo só/a ou acompañado/a. Atrévete a crear unha coreografía.



Goza da música!

Escoitar música é bo para a nosa cabeciña, ben sexa para relaxarnos ou para activarnos. Escolle unha listaxe de cancións e goza canto queiras dela!



Comparte!

Xa sexa cantando, tocando, escoitando ou bailando, a música é moito máis divertida en compañía, faino sempre que poidas!